

LISTA DE ASISTENTES

Alonso Vega, María Flora
Bravo Bernárdez, Jorge
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Iglesias, Manuel
Ferreiro Vázquez, Óscar
Martínez Martín, M^a José
Pena Uris, Gloria M.
Zas Varela, Mónica

DESCULPA ASISTENCIA

González Santamaría, Pedro
González Varela, Luis

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 23 de febreiro de dous mil dezaseis, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na salas de videoconferencia.

O día **23 de febreiro de 2016** ás 10:30 h deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 19 de xaneiro de 2016.
2. Aprobación, se procede, da resolución das reclamacións aos censos provisionais para as eleccións de representantes de estudantes ao Claustro.
3. Aprobación, se procede, dos censos definitivos.
4. Aprobación, se procede, do número de estudantes claustrais por centro.
5. Sorteio da letra para a elaboración das papeletas de votacións (Art. 29 do procedemento para as eleccións de membros do Claustro Universitario da UVigo).
6. Aprobación, se procede, da delegación na secretaria da Comisión Electoral a proclamación provisional de candidaturas.
7. Outros asuntos de interese.
8. Rolda libre de intervencións.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 19 de xaneiro de 2016.

O presidente da Comisión indica que non se presentaron alegacións á acta, polo que propón a súa aprobación. O Sr. Federico Fernández desexa facer constar a súa abstención, xa que non estaba presente o día da xuntanza.

Apróbase.

Punto 2. Aprobación, se procede, da resolución das reclamacións aos censos provisionais para as eleccións de representantes de estudantes ao Claustro.

Explica o presidente que non se presentou ningunha reclamación aos censos, polo non hai que resolver ningunha; e cómpre pasar ao punto seguinte da orde do día.

Punto 3. Aprobación, se procede, dos censos definitivos.

Continúa o presidente indicando que, ao non haber reclamacións aos censos provisionais, cómpre elevar estes a definitivos. Polo tanto, a proposta é que se aproben estes censos definitivos.

Apróbanse por asentimento.

Punto 4. Aprobación, se procede, do número de estudantes claustrais por centro.

Informa o presidente de que a normativa que se aplica son, dunha banda, os Estatutos da Universidade de Vigo, que fixan o número de estudantes en 75, e doutra o *“Procedemento para a elección de membros do Claustro Universitario da Universidade de Vigo”*, que sinala que as persoas representantes de cada sector distribuiranse proporcionalmente ao número de membros do citado sector en cada circunscrición.

Explica que unha vez se dispón dos censos definitivos, realízase o cómputo dos alumnos totais por centros (circunscrición) e, por unha simple regra de tres, calcúlase o número de representantes que corresponde a cada un. Facendo o redondeo necesario para obter números enteiros, obtense un total de 76 representantes, é dicir, un estudante de máis con respecto ao número fixado polos Estatutos.

Continúa expoñendo que a proposta que se realiza é restarlle un alumno ao centro cuxo decimal superior a cinco sexa o máis baixo. De acordo con esta proposta, o centro que está nesta situación é Belas Artes, que lle corresponderían 2,56 en número exacto, que é redondeado a 3. Dado que 0,56 é o “pico” menor de todos os centros, proponse que sexa este centro o que se diminúa nun representante, quedando con dous.

Informa a secretaria xeral que nas anteriores eleccións correspondeulle a este centro unha representación de tres estudantes e, finalmente, non se presentou ningunha candidatura. Aínda que, evidentemente, non ten porque repetirse a mesma situación, pero evidencia que se trata dun centro con unha participación menos activa que outros. Engade o presidente que non se prevé unha contestación masiva pola redución dun representante.

Resume que se propón aprobar o número de representantes por centro que se enviou na táboa achegada coa documentación.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Sorteo da letra para a elaboración das papeletas de votacións (Art. 29 do procedemento para as eleccións de membros do Claustro Universitario da UVigo).

Explica o presidente que na papeleta das votacións os candidatos aparecen en orde alfabética, para non primar aos que aparecen en primeiro lugar. A normativa para a eleccións de membros do Claustro establece que figurarán na papeleta por orde alfabética cíclica, previo sorteo por parte da Comisión Electoral da letra pola que debe comezar a relación.

Continúa indicando que nesta Comisión, a petición de D. Federico Fernández, sortéanse dúas letras para que nas letras con moitos apelidos se comece sempre polos mesmos. Anuncia que se realizará o sorteo mediante unha aplicación informática, que tamén se emprega no Claustro.

Feito o sorteo, as letras obtidas son “F” e “Y”. Coméntase que de non haber ningún apelido con estas letras iniciais, desprázase a segunda ata comezar de novo o alfabeto.

Punto 6. Aprobación, se procede, da delegación na secretaria da Comisión Electoral a proclamación provisional de candidaturas.

Explica o presidente que o artigo 20 da Normativa para a elección de membros do Claustro establece que a Comisión Electoral, transcorrido o prazo de presentación de candidaturas, efectuará a proclamación provisional de candidaturas.

Propónse a delegación de dita proclamación na secretaria da Comisión Electoral. Con todo, remitirase a documentación relativa á mesma aos membros da Comisión. E no caso de que xurda calquera motivo que fixera necesario reunir a Comisión ou algún membro da mesma o solicitara, se convocaría.

Punto 7. Outros asuntos de interese.

Non hai ningún tema que tratar.

Punto 8. Rolda libre de intervencións.

Non hai intervencións, polo que o presidente dá por finalizada a sesión convocando aos membros da Comisión a unha próxima xuntanza o día 17 de marzo, segundo o calendario de reunións aprobado na Comisión.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:40 h do día 23 de febreiro de 2016, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

Manuel Fernández Iglesias

Gloria M^a Pena Uris